

Como se pode conciliar amor e autoridade? E permisividade e disciplina? Que é o que necesitan os nosos fillos? Como chegamos ata eles?... son algunhas das preguntas que nos faciamos moitos pais e nais. Indagamos na busca de respostas e observamos que non se esgotaba nelas a nosa actividade, porque día a día iamos ampliando a nosa visión e formándonos. Así nacía a necesidade de expresarnos e compartir as nosas inquedanzas para convencernos de que non estamos sós na difícil tarefa de educar. Necesitabamos escoitar outras opinións e formas de facer cos fillos. Foi entón cando nos agrupamos e formamos unha escola de pais.

Escola de pais: participación da familia na comunidade educativa

Conchita R. Prendes

Conductora de grupo Escola de pais de Barcelos, Pontevedra

Os pais, polo feito de selo, somos escola para os nosos fillos, que adquiren o coñecemento do mundo que os rodea a través da imaxe que proxectamos. Nos primeiros anos de vida fórmanse as bases para o desenvolvemento ético-moral, o neno arremeda, recoñécese en nós e reproduce a nosa imaxe, e os pais adquirimos unha enorme responsabilidade como educadores.

Entendemos a escola de pais como un lugar de reflexión e debate no que compartimos experiencias, dúbidas e temores. Un lugar de amizade no que coñecemos outros modelos de familia e outras maneiras de educar, e tratamos de

saber máis do rapaz para axudalo mellor.

As nosas orixes

A primeira experiencia desenvólvese en Pontevedra no seo dunha ONG dedicada á prevención e reinserción de drogodependentes. Poderíase falar dunha escola de nais, xa que o grupo estaba formado por 16 mulleres, sen ningún varón.

Estas mulleres presentaban un denominador común. Todas eran nais ou irmás de mozos afectados polo consumo de drogas e, nalgúns casos, de pequenos traficantes que vendían para poder cubrir o seu consumo.



Na escola de pais sentímonos acompañados e achamos respostas para as nosas preguntas

Tratábase dun grupo afectado por unha forte desestruturación familiar favorecida pola terrible eiva das drogas. Fomos testemuñas, en moitos casos, de irmáns divididos e matrimonios separados, familias completamente destruídas. Tamén nos vimos obrigadas a asistir enfermos de sida en fase terminal, desafiuzados polos médicos e postos na rúa porque non tiñan acomodo nos hospitais.

Neste contexto, pódese entender o perfil emocional das que asistían a este grupo. Todas sufrían ansiedade, en maior ou menor grao. Non eran quen de razoar ou de respectar as quendas de palabra, de saber cales dos seus problemas eran prioritarios; botábanse a relatar os seus casos coa esperanza de encontrar algunha saída para o seu problema e poder así aliviar a súa dor. Non sabían escoitar.

Empézase a traballar establecendo unha orde nas prioridades. En primeiro lugar, cumpría que aprendesen a escoitarse unhas a outras. Ao mesmo

tempo, fórmanse en métodos de relaxación que as axuda a acougar, co que se consegue un maior aproveitamento das sesións.

Unha vez chegados a este punto, ábrese o grupo e ofrécese unha escola de pais pública, aberta á sociedade de Pontevedra. Prodúcese unha resposta moi favorable e fórmanse novos grupos, cinco en total, de 18/20 persoas cada un, cunha condutora de grupo á fronte de cada un.

O intercambio agora entre persoas de distinto sexo, nivel cultural e circunstancias consegue romper o gueto de “mulleres marcadas polo estigma das drogas”, as persoas enriquecéense, a un tempo, con valiosas achegas dun grupo tan heteroxéneo e créase un clima moi favorable para a aprendizaxe.

Empregáanse as técnicas de dinámica de grupos: promoción de ideas, diálogos simultáneos, casos e técnicas de tribunal, entre outras. Cada grupo, por separado, prepara o tema do día e remata cada

sesión cunha posta en común de todos os grupos.

A maior dificultade que atopamos nun grupo tan numeroso e heteroxéneo, foi a elección dunha metodoloxía en harmonía coa apertura e liberdade que propugna a “escola de pais e mestres”. Óptase por un novo método, o de Radio ECCA que daquela ofrecía un modelo de escola máis sinxelo e alcanzable para un grupo destas características.

A escola de Radio ECCA foi a escola máis popular dos 80. Trátase dun centro público de educación de adultos de carácter estatal (Decreto 945/1975, do 10 de abril e O. M. do 10 de outubro de 1977) que conta con profesorado que imparte clase, e un método de ensino radiofónico propio. O sistema tridimensional ECCA combina a clase por radio, o uso de material impreso e a titoría dun profesor orientador. A súa metodoloxía é indutiva e entra nas casas para facilitar o labor educativo, mobilizando os pais e poñendo ao seu alcance un material informativo moi



En pequenos grupos aprendemos a escoitar con serenidade para chegar a acordos

importante, vinculado coa xuventude, a familia e a sociedade do momento.

Na nosa senlleira escola de pais non precisabamos a clase radiofónica, xa que as sesións eran presenciais; nin a titoría dun profesor, que se substituíu pola figura do condutor ou condutora de grupo, indispensable en toda escola de pais. O que si nos resultou de grande axuda foi o material impreso co que se preparaban os pais antes de asistir ás sesións da escola.

O desenvolvemento destas baseábase

na resolución de casos que se debatían nos grupos, á luz do apuntamento técnico que se estudaba previamente e que se reproducía nas clases por medio dun casete. Despois realizábase unha posta en común de todos os grupos e levábase o tema a debate.

A escola actual

A nosa escola de pais actual funciona en Pontevedra no CEIP Barcelos. Alí tratamos de unir esforzos e fomentar a participación dos pais dentro da

comunidade educativa. É un grupo pequeno, 14 pais e nais, pero moi activo e preocupado pola educación dos seus fillos. Desenvolvemos as sesións de traballo coa metodoloxía propia da “escola de pais e mestres”, isto é, libre e participativa. Eliximos o temario e desenvolvémolo ao longo do curso con técnicas de dinámica de grupos: casos, rol playing, diálogos simultáneos, escenificacións e outras que o condutor ou condutora de grupo pon á nosa disposición.

Experiencia dunha nai

A familia considérase a célula básica da sociedade e é neste eido no que se produce a socialización primaria do neno. Hai que educar con responsabilidade. O amor non basta.

Na escola de pais reflexionamos sobre distintos modelos educativos e temas de interese nos que se establecen prioridades previamente, xunto a outros pais con nenos en distintas idades escolares.

Achéganse alternativas e estratexias para mellorar as habilidades de comunicación en relación coa familia, e compártese información sobre o fracaso escolar, o consumo de drogas e outros factores de risco para os nosos fillos.

En canto á metodoloxía, a escola de pais baséase na participación activa. Cada tema iníciase coa análise da realidade individual e da experiencia cotiá de cada unha, sempre coa orientación e tutela da condutora de grupo que nos proporciona o soporte e as ferramentas, aínda que a forma de utilizalas vai depender de cada unha de nós. En ningún momento se nos indica como podemos solucionar un determinado problema, xa que non existe unha soa solución, ao ser cada neno único e distinto, e tamén as circunstancias de cada familia.

Na escola de pais téñense en conta as nosas inquietudes. Aprendemos acerca da evolución no neno, que é o que o preocupa e que necesita en cada momento. É unha guía e unha grande axuda para todas, pois descubres que non estás soa á hora de afrontar unha determinada situación. As miñas inquedanzas de cada día son tamén as de moitos outros pais. Dámoslles “voltas” ás cousas, porque o queremos facer mellor e porque desexamos para os nosos fillos unha infancia feliz, baseada nuns valores que os conduzan cara a un mañá mellor.

M.^a del Mar Piñeiro Lores



Cada día na escola de pais aprendemos a expresar os nosos sentimentos e sentímonos acompañados e comprendidos, mesmo chegamos a entendernos mellor nós mesmos e a achar respostas para as nosas preguntas.

Aprendemos a educar con responsabilidade, a escoitar e a discutir con serenidade para chegar a acordos, a reflexionar, a afrontar os problemas e a rectificar.

Hoxe en día a nosa maior preocupación é a prevención ou erradicación dos posibles casos de violencia que poidan detectarse na escola. Para o efecto, decidimos poñer en marcha para o curso 2007/2008 un programa de intervención educativa, coa indispensable actualización de profesores e condutores de grupo que ten como obxectivos:

- Analizar as relacións entre profesores e alumnos nos distintos niveis de ensino do centro.
- Analizar as relacións entre os

alumnos para detectar posibles agresores e agredidos.

- Construír un marco teórico da violencia, a partir da análise efectuada.
- Afondar na educación en valores, actitudes e sentimentos, como forma de previr e corrixir a violencia, tendo en conta que o alumno é un descubridor e non un consumidor de valores.
- Incidir na resolución de posibles conflitos, considerando o neno como protagonista da súa propia aprendizaxe.

Á vez pretendemos levar a reflexión aos pais para descubrir os valores e actitudes que se están a vivir na familia, e a súa implicación na conduta violenta ou non violenta dos seus fillos. Aprendizaxe na resolución de conflitos sen violencia. Entre as actividades que imos desenvolver están as sesións de cineforo, que nos poden servir de soporte pedagóxico-didáctico.

Non atopamos mellor xeito de rematar este artigo que facelo salientando a importancia que ten poder axudar a desenvolver o potencial que cada neno trae consigo. Unha tarefa que comeza xa nos primeiros anos de vida e que se inicia no seo da familia. A escola de pais ofrece a posibilidade de xuntar criterios e de achegar posturas, axuda a achar saída aos problemas familiares, contribúe á comunicación da familia e capacita para educar, na medida en que permite aos pais que acudan á escola a reflexionar acerca da súa escala de valores, para adecuala ao que o neno necesita para un desenvolvemento san. Noutro sentido, a escola de pais é unha fonte de creatividade e unha canle de participación no labor educativo que a todos incumbe.

Bibliografía

VON BADITZ, N. *¿Que es necesario para el niño?* Lima, Perú, Asociación benéfica pro Niño Ed.

